

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (ÁREA SANITARIA DE VIGO) E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUNHA SALA NO CENTRO DE SAÚDE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PRENATAL E PERINATAL PARA NAIS EN DIFICULTADE SOCIAL

En Vigo, 26 de xaneiro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, D^a. Mónica Permuy López, con DNI 32.647.387 Z, representante legal da Fundación Meniños- con domicilio na Avenida de Cádiz 5, 2^a esquerda (Edificio A Milagrosa) – CP 15008 A Coruña, con CIF G15551120, con plena capacidade para asinar o presente convenio de colaboración, en virtude do establecido nos seus estatutos fundacionais.

As partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1.b) do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, *protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*”

Segundo.- O artigo 17.1 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do código Civil e da Lei de Axuízamento Civil define a situación de risco coma aquela na que, por mor de circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, o menor véxase

prexudicado no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos de forma que, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo e a asunción da tutela por ministerio da lei, sexa precisa a intervención da administración pública competente, para eliminar, reducir ou compensar as dificultades ou inadaptación que lle afectan e evitar o seu desamparo e exclusión social, sen ter que ser separado da súa contorna familiar.

Terceiro.- O artigo 17.9. da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, indica que a administración pública competente para intervir na situación de risco adoptará, en colaboración cos servizos de saúde correspondentes, as medidas adecuadas de prevención, intervención e seguimento, das situacións de posible risco prenatal, para os efectos de evitar con posterioridade unha eventual declaración de situación de risco ou desamparo do recentemente nado. A tales efectos, entenderase por situación de risco prenatal a falta de coidado físico da muller xestante ou o consumo abusivo de substancias con potencial aditivo, así como calquera outra acción propia da muller ou de terceiros tolerada por esta, que prexudique o normal desenvolvemento ou poida provocar enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais ao recentemente nado. Tras o nacemento manterase a intervención co menor e a súa unidade familiar para que, de ser necesario, se declare a situación de risco ou desamparo do menor para a súa axeitada protección.

Cuarto.- Que a Fundación Meniños é unha fundación constituída no ano 1996, de carácter privado, que traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar un ambiente familiar de seguridade e afecto.

Quinto.- Que para lograr os obxectivos establecidos e cumprir co fin fundacional, a Fundación ofrece servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social e promove o seu dereito a medrar nun contorno familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral, actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura de bo trato á infancia e á adolescencia.

Sexto.- Que dende xaneiro de 2017 a Fundación Meniños, por medio dun convenio coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, desenvolve o Programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social. Trátase dun programa de apoio ás nais que se atopan en situación de risco co fin de evitar unha tutela posterior do neno ou nena.

Sétimo.- Que o Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Vigo sumouse ao citado programa mediante subscripción de convenio de colaboración coa Fundación Meniños cedendo un local no Centro de Saúde San Paio de Navia para a posta en marcha dun programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social na Área Sanitaria de Vigo, convenio que foi prorrogado no ano 2021 por unha anualidade, que rematará o 15 de xaneiro de 2022.

De conformidade co anteriormente exposto, o Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Vigo e a Fundación Meniños deciden continuar cooperando, recoñecéndose a representación que ostentan e acordando formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto a cesión a título gratuito e en concepto de precario do dereito de uso dunha sala no Centro de Saúde San Paio de Navia (localizado en Poza Cabalo, s/n, Vigo) á Fundación Meniños para a continuación do programa de atención prenatal e perinatal para nais en dificultade social na Área Sanitaria de Vigo, coa finalidade de diminuír as situacións de risco, que afecten á infancia e ás súas familias, sendo esta unha actividade sen ánimo de lucro que persegue satisfacer fins públicos e non resulta contraditoria coa afectación do inmovible.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Vigo ,comprométese a:

- Proporcionar as instalacións, recursos e medios necesarios que estean ao seu alcance.
- Facilitar un espazo físico para a realización do programa, que se empregará de xeito compartido. O Servizo Galego de Saúde, de acordo coa Fundación Meniños, establecerá un sistema de control das salas cedidas e do seu horario de uso .
- Facilitar os circuítos de derivación de candidatas a entrar no programa.

A Fundación Meniños comprométese a:

- Desenvolver as actuacións do programa, tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
- Garantir o cumprimento do programa segundo as condicións establecidas coa Consellería de Política Social que financia o programa.
- Aportar os/as profesionais que levarán a cabo o programa, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente.
- Designar a unha persoa coordinadora responsable do programa.
- Non arrendar, traspasar ou ceder, sequera temporalmente nin a título de precario a terceiras persoas os dereitos de uso que ostenta sobre o local.
- A poñer en coñecemento do Servicio Galego de Saúde calquera acto dun terceiro do que teña noticia, que sexa capaz de causar danos no local cedido.
- A informar por escrito , sempre que sexa necesario ou requirida ao efecto, das deficiencias e deterioros que presente o local da que é cesionaria.

- A subscribir unha póliza de responsabilidade civil para cubrir os posibles sinistros que ocorran en relación aos danos persoais a terceiros e ao mobiliario e instalacións do local obxecto de precario,

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

Este convenio de colaboración non establece obrigas ou compromisos de carácter económico entre as partes asinantes e, en consecuencia, non precisa consignación orzamentaria.

CUARTA.- PERSOAL

A subscripción deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Fundación Meniños que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

QUINTA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia deste convenio será dun ano, a contar dende o día seguinte da súa sinatura.

Non obstante, as partes de mutuo acordo, poderán acordar a prórroga por unha única anualidade conforme ao disposto no artigo 37 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser suscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

Por razóns de interese público, calquera das partes poderá suspender a execución deste acordo.

SEXTA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O convenio poderase resolver por algunha das seguintes causas:

- Acordo das partes.
- A denuncia expresa de calquera das partes, comunicada á outra cunha antelación dun mes. Non obstante, o Servizo Galego de Saúde poderá revogar o convenio en calquera momento, sen que a Fundación Meniños teña dereito a percibir indemnización algunha.
- O incumprimento de calquera das súas cláusulas e obrigas .

Neste suposto, é necesario que a persoa responsable da parte que disente do cumprimento notifique á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

As demais causas previstas na lexislación vixente.

SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Un representante do Servizo Galego de Saúde.
- Un representante da Área Sanitaria de Vigo.
- Un representante da Consellería de Política Social.
- Un representante da Fundación Meniños.

E asumirá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio.
- b) Propoñer ás partes a resolución de posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.
- c) A interpretación sobre o contido e alcance das condicións pactadas.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente Convenio.

OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes intervenientes neste convenio comprométense a manter segredo en relación aos datos persoais do/a paciente que afecten á súa intimidade e en particular a dar cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

Este convenio ten natureza administrativa e queda fora do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo dispón o seu artigo 6.2.

Non obstante, consonte co disposto no artigo 4 do citado Lei 9/2017, de 8 de novembro ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Así mesmo, rexe a Lei 5/2011, de 30 de setembro no que lle sexa preceptivo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, asinan dixitalmente o presente convenio,

O presidente do Servizo Galego de Saúde

A Directora da Fundación Meniños

Julio García Comesaña

Mónica Permuy López